

## **Pensamento, intervención e ciencia\***

**María Pilar García Negro**

-Universidade da Coruña-

\* O presente texto serviu como introdución á sesión intitulada de idéntico xeito. Con algunha mínima modificación, incluímolo nestas actas porque orientou en certo sentido o coloquio posterior [N. dos editores].



A área de Filoloxía Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña foi, xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a responsábel de organizar, no ano 2000, o Simposio titulado «Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século». Daquela, quixemos recordar o décimo aniversario do falecemento do maior e mellor polígrafo galego do XX (1910-1990) e render o tributo debido á personalidade e á inxente obra dun investigador, profesor, divulgador, escritor... que consagrou toda a súa vida activa ao servizo da lingua, da literatura e da cultura galegas. As *Actas* deste Simposio, editadas polos profesores Teresa López e Francisco Salinas Portugal, así o testemuñan.

No ano 2010, cúmprese cen do seu nacemento e vinte da súa morte, dupla efeméride que volvemos lembrar, ambas as organizacións e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, para pormos en valor de novo todo o caudal da súa ciencia e o contributo da súa creación literaria multixenérica. Chámanos a atención que institucións a que pertenceu e que serviu competentemente durante anos –Universidade de Santiago de Compostela, Real Academia Galega– garden silencio inexplicábel sobre a súa figura. Sendo o silencio irmán da morte, como afirmou lapidariamente Rosalía de Castro, é a nosa intención conxuralo dándonos máis unha vez a oportunidade de nos achegarmos á obra tan rica e fecunda como a do mestre Carvalho Calero. Supón un auténtico avance no coñecemento rigoroso e documentado da nosa literatura nacional, a partir de definicións de carácter basilar, como a que a identifica indisociabelmente co uso do idioma galego, que foi fixado, analizado e divulgado pola súa parte en textos imprescindíbeis como a primeira gramática útil do século XX.

Ricardo Carvalho Calero representa nitidamente o elo de unión coa Xeración do 16 (na terminoloxía de Ramón Vilar Ponte), isto é, coa que comparece na escena política e cultural galega a partir da fundación das Irmandades da Fala e supón o

arranque dun proceso autodeterminante e autoorganizativo no cultural e no político. Carvalho é fillo directo desta Xeración e mais de unha das súas excelsas obras, o Seminario de Estudos Galegos, institución científico-cultural a que se incorpora xa na súa chegada a Compostela como estudante universitario. Quixo a historia –que non o destino– que, rematados brillantemente os seus estudos de Dereito (1931) e, pouco despois (1933), os de Filosofía e Letras, o que estaba daquela vocacionado e, sen dúbida, excelentemente preparado para ser un dos máis altos intelectuais galegos, na academia e na política nacionalista, non pudesen voltar ás aulas compostelanas até 1965-1966, mercé a unha oferta de ensino da lingua galega como materia optativa, e, xa por oposición, á cátedra de Lingüística e Literatura Galega, en 1972, que ocupou até a súa xubilación, en 1980.

No medio e medio –tres décadas longas–, guerra civil española; participación nela como Tenente do Exército da República; prisioneiro do novo poder ditatorial; consello de guerra; petición fiscal de cadea perpetua; condena a doce anos de reclusión maior; cumprimento de dous anos; liberdade vixiada e desposesión de todos os dereitos civís... Desterro na propia terra, exilio interior, imposibilidade de exercer un posto de traballo público...: dura ascese que, polos vistos da obra creada, o fortificou para proseguir sen descanso a tarefa emprendida na década dos vinte, na súa formación inicial e iniciática, ao lado de prohombres como Castelao ou Otero Pedraio cuxo espírito nunca atraizoou. É, pois, representante –como gostaba de lembrar– da ortodoxia, non da heterodoxia, do punto de vista do pensamento galego nacional(ista).

Na derradeira década da súa vida, o profesor Carvalho Calero percorreu o país enteiro, nun reencontro circular coa súa mocidade, ofrecéndonos o servizo e o exemplo dun maxisterio insuperábel: ducias de conferencias, actos públicos, artigos de divulgación, compromiso directo coa causa da maltratada lingua galega, nun traballo incesante que causa admiración hoxe pola súa densidade, o seu rigor e, aínda, o seu carácter profético, vista a involución que hoxe experimenta a lingua galega por parte dos responsábeis gobernamentais. É, en fin, figura esencial da **memoria histórica** declinada en e desde a Galiza, razón pola que estas *Xornadas* a el dedicadas abordarán a análise posíbel de todos os ramos da súa dedicación científico-literaria, a comezar polo seu papel como nacionalista e como profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Para este duplo papel, hónrame presentar nesta mesa dous estudiosos preclaros da súa personalidade e obra: Francisco Rodríguez e José Luís Rodríguez, irmanados no apelido e no común recoñecemento da significación e proxección do noso homenaxeado.